

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11215 *Real decreto lei 13/2013, do 25 de outubro, polo que se conceden créditos extraordinarios por importe total de 17.421.238.125 euros para a concesión dun préstamo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, para financiar ao Servizo Público de Emprego Estatal a achega ao IV Plan integral de emprego en Canarias, para dotar a participación de España na Facidade financeira internacional para a inmunización e para a cuarta convocatoria de axudas ao Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE 4).*

O presente real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade, no Ministerio de Emprego e Seguridade Social, cun suplemento de crédito paralelo no Servizo Público de Emprego Estatal, no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para proceder á cobertura das necesidades que se detallan a seguir:

1. Crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade para a concesión dun préstamo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores por importe de 17.300.000.000 euros, coa finalidade de atender o cumprimento do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, e proceder á amortización do préstamo sindicado concertado pola entidade.

O Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, aprobou o correspondente mecanismo de financiamento a que se poden acoller as entidades locais, ou os seus organismos e entidades dependentes, que teñan obrigacións vencidas, liquidas e exixibles pendentes de pagamento cos seus provedores en virtude de contratos de obras, servizos ou subministracións incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Este mecanismo de financiamento fíxose extensivo ás comunidades autónomas, de conformidade co acordo alcanzado no Consello de Política Fiscal e Financeira do 22 de marzo de 2012, publicado mediante a Orde do Ministerio da Presidencia PRE/774/2012, do 16 de abril, para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas.

O Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, habilitada para a concertación nos mercados de capitais de toda clase de operacións de endebedamento, as cales contarán coa garantía do Estado, así como para a concertación coas entidades locais e as comunidades autónomas das operacións de crédito necesarias para o pagamento das súas obrigacións.

Este real decreto lei ten como finalidade a concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade por importe de 17.300.000.000 euros para posibilitar a concesión dun préstamo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores. Estes recursos destínanse a unha dobre finalidade: por unha parte, para proceder á amortización anticipada do endebedamento contraído polo Fondo no ano 2012 e por outra, para atender ao pagamento das obrigacións incluídas no ámbito de aplicación da nova fase do mecanismo de financiamento do Fondo establecida no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, segundo o seguinte detalle.

– Amortización do saldo vivo total do préstamo suscrito o 16 de maio de 2012 cun conxunto de entidades financeiras por importe de 11.900.000.000 euros.

O 16 de maio de 2012 subscribiuse un contrato de préstamo sindicado entre o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores e un conxunto de entidades financeiras cuxo obxecto é a concesión dun préstamo mercantil por importe de 30.000.000.000 euros.

Na actualidade considérase necesario proceder á amortización do saldo vivo por importe de 11.900.000.000 euros, do préstamo sindicado, por entender que a amortización anticipada mediante un préstamo do Estado ao Fondo ten un custo financeiro menor que manter viva a operación.

– Financiamento da nova fase do mecanismo de pagamentos a provedores de entidades locais e comunidades autónomas en virtude do disposto no Real decreto lei 8/2013, por importe de 5.400.000.000 euros.

Para dar cumprimento ao disposto no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, en que se establece a posta en marcha dunha nova fase do mecanismo de pagamentos a provedores de entidades locais e comunidades autónomas, o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores debe captar financiamento dentro do nivel de endebedamento permitido na norma antes citada, o que se articula a través do presente préstamo co obxecto de facer efectivos os pagamentos previstos.

2. Crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e suplemento de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para atender á achega ao IV Plan integral de emprego en Canarias, por importe de 42.000.000 euros.

O crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o paralelo suplemento de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal teñen como finalidade financiar a achega do organismo ao IV Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias por importe de 42.000.000 euros, en aplicación do establecido na disposición adicional trixésimo primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

A citada disposición adicional sinala que, de conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará 42.000.000 euros ao financiamento do IV Plan de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias durante o ano 2012.

3. Crédito extraordinario do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación por importe de 9.238.125 euros para proceder ao aboamento da cota relativa á participación de España na Facilitade financeira internacional para a inmunización correspondente ao exercicio 2013.

En 2006, España adheriuse á Facilitade financeira internacional para a inmunización, unha iniciativa cuxo fin é subministrar fondos á Alianza Global para as Vacinacións para a realización de campañas masivas de inmunización, cun compromiso global de 189.500.000 euros distribuídos en 20 cotas anuais.

No actual exercicio, a cota que se debe aboar ascende a 9.238.125 euros, e a data límite de pagamento, de conformidade coas condicións establecidas no acordo de adhesión, é o 31 de outubro de 2013.

En exercicios anteriores, o financiamento desta cota efectuouse con cargo ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode), procedemento que non resulta posible manter para este exercicio por aplicación do disposto no artigo 58.dous da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, que non permite que o Fonprode atenda operacións non reembolsables.

4. Crédito extraordinario por importe de 70.000.000 euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para lle financiar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a cuarta convocatoria de axudas do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-4).

O Goberno valora moi positivamente os efectos do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (programa PIVE), que produciu uns impactos, a través das tres primeiras convocatorias realizadas (PIVE, PIVE-2 e PIVE-3), moi favorables en todas as ordes, destacando a súa contribución á creación e ao mantemento do emprego no sector, así como a súa achega en termos ambientais e de mellora da eficiencia enerxética. Precisamente, a boa acollida do programa PIVE-3 motivou que a súa dotación de 70.000.000 euros non fose suficiente para manter a súa vixencia durante os doce meses inicialmente previstos.

A supresión dos programas PIVE tería un efecto negativo para o mercado do automóbil que se considera necesario evitar. Por isto, o Goberno optou por establecer unha cuarta convocatoria do programa PIVE (PIVE-4), que se enmarcará no Plan de acción de eficiencia enerxética 2011-2020 aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 29 de xullo de 2011. O procedemento de concesión das subvencións acollidas ao programa PIVE-4 será establecido conforme o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En canto ao financiamento do programa PIVE (PIVE-4), no momento de adopción da medida non se dispón de crédito suficiente e adecuado nos actuais orzamentos xerais do Estado, e considérase de vital importancia que non se demore no tempo o aboamento das axudas para conseguir a continuidade nos beneficios descritos.

As razóns antes indicadas e a existencia dun prazo no cal deben ser atendidas as necesidades presentadas constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios no orzamento do Estado e o suplemento de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal mediante real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de outubro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade.

1. Para atender ao pagamento das obrigacións no ámbito de aplicación do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores de entidades locais e comunidades autónomas previsto no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, e para proceder á amortización anticipada do endebedamento contraído polo Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 03 «Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa», programa 931M «Previsión e política económica», capítulo 8 «Activos financeiros», artigo 82 «Concesión de préstamos ao sector público», concepto 823 «Préstamo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores», por importe de 17.300.000.000 euros.

2. Como consecuencia do crédito extraordinario que se concede no número anterior, os orzamentos de explotación e capital do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores quedan establecidos nos termos que se recollen no anexo que se xunta.

Artigo 2. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e un suplemento de crédito no orzamento do organismo autónomo «Servizo Público de Emprego Estatal».

1. Para proceder ao financiamento da achega do Servizo Público de Emprego Estatal ao IV Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias, na anualidade correspondente a 2012 autorízase un crédito extraordinario no orzamento da sección 19 «Ministerio de Emprego e Seguridade Social», servizo 03 «Secretaría de Estado de

Emprego», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», concepto 413 «Ao Servizo Público de Emprego Estatal para financiar o Plan de emprego en Canarias correspondente ao ano 2012», por un importe de 42.000.000 euros.

2. O crédito extraordinario que se concede no parágrafo anterior ocasionará un incremento no orzamento de ingresos do organismo autónomo 19.101 «Servizo Público de Emprego Estatal», na aplicación orzamentaria 19.101.400.02 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 42.000.000 euros.

3. Autorízase un suplemento de crédito no orzamento de gastos do organismo autónomo 19.101 «Servizo Público de Emprego Estatal», programa 241A «Fomento da inserción e estabilidade laboral», concepto 455 «Plans integrais de emprego e outras actuacións en materia de emprego, mediante convenios de colaboración con comunidades autónomas», subconcepto 10 «Canarias», por importe de 42.000.000 euros.

Artigo 3. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Para atender ao pagamento da participación de España na Facidade financeira internacional para a inmunización, correspondente ao exercicio 2013, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 12 «Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación», servizo 03 «Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica», programa 143A «Cooperación para o desenvolvemento», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 49 «Ao exterior», concepto 496 «Achega á Facidade financeira internacional para a inmunización», por importe de 9.238.125 euros.

Artigo 4. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo con destino ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo», servizo 18 «Secretaría de Estado de Enerxía», programa 425A «Normativa e desenvolvemento enerxético», concepto 746 «Ao IDAE para o Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-4)», por importe de 70.000.000 euros.

Artigo 5. Financiamento dos créditos extraordinarios.

Os créditos extraordinarios que se conceden no presente real decreto lei e, indirectamente, o suplemento de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal financiaranse con débeda pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO

ANO 2013

Entidade: FONDO PARA O FINANCIAMENTO DOS PAGAMENTOS A PROVEDORES

(miles de euros)

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN "CONTA DE PERDAS E GANANCIAS"

A) OPERACIÓNS CONTINUADAS

1. IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS

- a) Vendas
- b) Prestacións de servizo

2. VARIACIÓN DE EXISTENCIAS DE PRODUTOS TERMINADOS E EN CURSO DE FABRICACIÓN

3. TRABALLOS REALIZADOS POLA EMPRESA PARA O SEU ACTIVO

4. APROVISIONAMENTOS

- a) Consumo de mercadorías
- b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles
- c) Traballos realizados por outras empresas
- d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos

5. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

- a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente
- b) Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio
 - Da Administración xeral do Estado
 - Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado
 - Doutras do sector público estatal de carácter administrativo
 - Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
 - Da Unión Europea
 - Doutras
- c) Imputación de subvencións de explotación

6. GASTOS DE PERSOAL

- a) Soldos e salarios -1.454
- b) Indemnizacións
- c) Seguridade Social por conta da empresa -226
- d) Outros

7. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

- a) Servizos exteriores -100.033
- b) Tributos
- c) Perdas, deterioración e variación de provisións por operacións comerciais
- d) Outros gastos de xestión corrente -236

8. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO

(miles de euros)

9. IMPUTACIÓN DE SUBVENCIONS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E OUTRAS**10. EXCESO DE PROVISIONS****11. DETERIORACIÓN E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DO INMOBILIZADO**

- a) Deterioracións e perdas
- b) Resultados por alleamentos e outros

12. DIFERENZA NEGATIVA DE COMBINACIÓNS DE NEGOCIOS**13. SUBVENCIONS CONCEDIDAS E TRANSFERENCIAS REALIZADAS POLA ENTIDADE**

- Ao sector público estatal de carácter administrativo
- Ao sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
- A outros

14. OUTROS RESULTADOS**15. DETERIORACIÓN E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DE PARTICIPACIÓNS CONSOLIDADAS****16. DIFERENZA NEGATIVA DE CONSOLIDACIÓN DE SOCIEDADES CONSOLIDADAS****A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15+16) -101.949****17. INGRESOS FINANCEIROS 1.593.533**

- a) De participacións en instrumentos de patrimonio
 - a1) En empresas do grupo asociadas
 - a2) En terceiros
- b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros 1.593.533
 - b1) De empresas do grupo e asociadas
 - b2) De terceiros 1.593.533

18. GASTOS FINANCEIROS -1.508.050

- a) Por débedas con empresas do grupo e asociadas
- b) Por débedas con terceiros -1.508.050
- c) Por actualización de provisiones

19. VARIACIÓN DE VALOR RAZOABLE EN INSTRUMENTOS FINANCEIROS

- a) Carteira de negocios e outros
- b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda

(miles de euros)

20. DIFERENZAS DE CAMBIO**21. DETERIORACIÓN E RESULTADOS POR ALLEAMENTOS DE INSTRUMENTOS FINANCIEROS**

- a) Deterioración e perdas
- b) Resultado por alleamentos e outros

22. IMPUTACIÓN DE SUBVENCIONES, DOAZONS E LEGADOS DE CARÁCTER FINANCIERO**23. INCORPORACIÓN AO ACTIVO DE GASTOS FINANCIEROS****A.2) RESULTADO FINANCIERO (17+18+19+20+21+22+23)**

85.483

24. PARTICIPACIÓN EN BENEFICIOS (PERDAS) DE SOCIEDADES POSTAS EN EQUIVALENCIA**25. DETERIORACIÓN E RESULTADOS POR ALLEAMENTOS DE PARTICIPACIONES POSTAS EN EQUIVALENCIA****26. DIFERENZA NEGATIVA DE CONSOLIDACIÓN DE SOCIEDADES POSTAS EN EQUIVALENCIA****A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2+24+25+26)**

-16.466

27. IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS**A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+27)**

-16.466

B) OPERACIONES INTERROMPIDAS**28. RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES INTERROMPIDAS NETO DE IMPOSTOS****A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+28) (29+A.6)**

-16.466

29. RESULTADO ATRIBUÍDO A SOCIOS EXTERNOS**A.6) RESULTADO DA ENTIDADE/RESULTADO ATRIBUÍDO Á ENTIDADE DOMINANTE**

-16.466

(miles de euros)

ORZAMENTO DE CAPITAL "ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO"

A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN

1. RESULTADO DO EXERCICIO ANTES DE IMPOSTOS	-16.466
2. AXUSTES DO RESULTADO	-85.483
a) Amortización do inmovilizado (+)	
b) Correccións valorativas por deterioración (+/-)	
c) Variación de provisións (+/-)	
d) Imputación de subvencións (-)	
e) Resultados por baixas e alleamentos do inmovilizado (+/-)	
f) Resultados por baixas e alleamentos de instrumentos financeiros (+/-)	
g) Ingresos financeiros (-)	-1.593.533
h) Gastos financeiros (+)	1.508.050
i) Diferenzas de cambio (+/-)	
j) Variación de valor razoable en instrumentos financeiros (+/-)	
k) Outros ingresos e gastos (-/+)	
l) Participación en beneficios (perdas) de sociedades postas en equivalencia -neto de dividendos- (-/+)	
3. CAMBIOS NO CAPITAL CORRENTE	77.771
a) Existencias (+/-)	
b) Debedores e outras contas por cobrar (+/-)	
c) Outros activos correntes (+/-)	
d) Acredores e outras contas por pagar (+/-)	77.771
e) Outros pasivos correntes (+/-)	
f) Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	
4. OUTROS FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN	85.483
a) Pagamentos de xuros (-)	-1.508.050
b) Cobramentos de dividendos (+)	
c) Cobramentos de xuros (+)	1.593.533
d) Cobramentos (pagamentos) por imposto sobre beneficios (+/-)	
e) Outros pagamentos (cobramentos) (-/+)	
5. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN (+/-1+/-2+/-3+/-4)	61.305

(miles de euros)

B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO**6. PAGAMENTOS POR INVESTIMENTOS (-)****-6.541.949**

- a) Empresas do grupo e asociadas
- b) Inmobiliado intanxible
- c) Inmobiliado material
- d) Investimentos inmobiliarios
- e) Outros activos financeiros
- f) Activos non correntes mantidos para a venda
- g) Outros activos
- h) Unidade de negocio

-6.541.949**7. COBRAMENTOS POR DESINVESTIMENTOS (+)**

- a) Empresas do grupo e asociadas
- b) Inmobiliado intanxible
- c) Inmobiliado material
- d) Investimentos inmobiliarios
- e) Outros activos financeiros
- f) Activos non correntes mantidos para a venda
- g) Outros activos
- h) Unidade de negocio

8. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO (7-6)**-6.541.949****C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO****9. COBRAMENTOS E PAGAMENTOS POR INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO**

- a) Emisión de instrumentos de patrimonio (+)
 - Da Administración xeral do Estado
 - Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado
 - Doutras do sector público estatal de carácter administrativo
 - Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
 - Doutras
- b) Amortización de instrumentos de patrimonio (-)
- c) Adquisición de instrumentos de patrimonio propio e da sociedade dominante (-)
- d) Alleamento de instrumentos de patrimonio propio e da sociedade dominante (+)
- e) Subvencións, doazóns e legados recibidos (+)
 - Da Administración xeral do Estado
 - Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado

(miles de euros)

- Doutras do sector público estatal de carácter administrativo
- Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
- Da Unión Europea
- Doutras
- f) Outras achegas de socios (+)
 - Da Administración xeral do Estado
 - Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado
 - Doutras do sector público estatal de carácter administrativo
 - Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
 - Da Unión Europea
 - Doutras
- g) Adquisición de participacións de socios externos (-)
- h) Venda de participacións a socios externos (+)

10. COBRAMENTOS E PAGAMENTOS POR INSTRUMENTOS DE PASIVO FINANCIERO**6.441.900**

a) Emisión	32.441.900
1. Obrigacións e outros valores negociables (+)	14.000.000
2. Débedas con entidades de crédito (+)	1.141.900
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (+)	
4. Débedas transformables en subvencións, doazóns e legados (+)	
- Da Administración xeral do Estado	
- Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado	
- Doutras do sector público estatal de carácter administrativo	
- Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
- Doutras	
5. Préstamos procedentes do sector público (+)	17.300.000
- Da Administración xeral do Estado	17.300.000
- Dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado	
- Doutras do sector público estatal de carácter administrativo	
- Do sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional	
- Doutras	
6. Outras débedas (+)	
b) Devolución e amortización de	-26.000.000
1. Obrigacións e outros valores negociables (-)	
2. Débedas con entidades de crédito (-)	-26.000.000
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (-)	
4. Outras débedas	

(miles de euros)

11. PAGAMENTOS POR DIVIDENDOS E REMUNERACIÓNS DOUTROS INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO

a) Dividendos (-)

- Á Administración xeral do Estado
- A organismos autónomos da Administración xeral do Estado
- A outros do sector público estatal de carácter administrativo
- Ao sector público estatal de carácter empresarial ou fundacional
- A outros

b) Remuneración doutros instrumentos de patrimonio (-)

12. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (+/-9+/-10-11) 6.441.900**D) EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO****E) AUMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (+/-5+/-8+/-12+/-D) -38.744****EFECTIVO OU EQUIVALENTES AO COMEZO DO EXERCICIO 425.353****EFECTIVO OU EQUIVALENTES AO FINAL DO EXERCICIO 386.609**